

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 29 DE XULLO DO 2021.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día vinte e nove de xullo do dous mil vinte e un, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES-XGL 08/07/2021

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 08/07/2021

2.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES-XGL 15/07/2021

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 15/07/2021

3.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES-XGL 22/07/2021

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 22/07/2021



4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202107/249

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 20/07/2021 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "OBRAS DE ACONDICIONAMENTO FUNCIONAL E MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DO EDIFICIO DA UAD (RIBEIRA)""

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202107/250

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 20/07/2021 "Decreto: DECLARACIÓN DA LICITACIÓN CONVOCADA PARA A CONTRATACIÓN DA "SUBMINISTRACIÓN DE CARBURANTE PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL E MAQUINARIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA" COMO DESERTA"

6.- AUTORIZACIÓN RASTRO DE ANTIGÜEDADES -José Antonio Giménez Martínez

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 23/07/2021, relativa á petición de José Antonio Giménez Martínez, data entrada no rexistro municipal de data 14/5/2021, interesando instalar un rastrillo de antigüedades o vindeiro domingo 8 de agosto de 2021 na Praza do Concello de Ribeira, en horario de 9.00 a 21.00 horas cunha ocupación de 50 metros

Considerando que do 4 ao 8 de agosto terían lugar a Programación das Festas de Verán de Ribeira, e previo acordo co interesado por parte do Departamento de Cultura, a data proposta deste evento é domingo 01/08/2021.

Á vista da Orde do 22/7/2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, publicadas no DOG nº 139Bis

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 26/07/2021, no que sinala:

"1º. No existe inconveniente alguno en realizar la ocupación en la vía pública y posterior montaje de los elementos que darán origen a los puestos de venta de antigüedades.

2º. Deberán tener en cuenta los accesos a garajes con licencia municipal de vado permanente, dejando en todo momento el libre acceso a los mismos.

3º. Se tendrá en cuenta la existencia de las ocupaciones de vía pública con mesas y sillas en las esquinas de la plaza do Concello, correspondientes a varios establecimientos de hostelería de la zona.

4º. Igualmente y de manera exhaustiva, se deberán de respetar las distancias Entre los puestos y medidas de seguridad hixiénico sanitarias, específicas según normativa vigente contra el COVID19, dotando a cada uno de los puestos con gel hidroalcohólico, guantes, cubo de basura, etc, así como respetar el uso obligatorio de mascarillas tanto a los titulares de cada puesto, como a los clientes en cada momento que no se respete la distancia de seguridad exigible de acuerdo con lo establecido legalmente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar** a José Antonio Giménez Martínez a instalación dun rastrillo de antigüedades o vindeiro domingo **1 de agosto de 2021** na Praza do Concello de Ribeira, en horario de 9.00 a 21.00 horas cunha ocupación de 50 metros



- b) Esta autorización queda condicionada ao cumprimento dos condicionamentos esixidos no citado informe policial, así como aos establecidos na Orde do 22/7/2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, publicadas no DOG nº 139Bis
- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos para que procedan á liquidación correspondente.
- d) Poñer en coñecemento do Corpo da Policía Local a celebración da feria.

7.- DACIÓN DE CONTA DE COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓN DE OBRA MENOR INFORMADA FAVORABLEMENTE O 15.07.2021:

614 16.01.2020 ENERGÍA, INNOVACIÓN Y DESARROLLO FOTOVOLTAICO S.L., instalación fotovoltaica de autoconsumo en el Cocedero Barrañamar, en A Graña, Couso.

8.- APROBACIÓN DAS INSTRUCCIÓNAS INTERPRETATIVAS DO PLAN XERAL ORDENACIÓN MUNICIPAL CONCELLO DE RIBEIRA

Visto o informe con proposta de resolución emitido polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 27/07/2021, relativo ás instrucciónas interpretativas do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira, que a continuación se transcribe:

“

EXPTE: INSTRUCCIÓNAS INTERPRETATIVAS DÚBIDAS PLAN XERAL ORDENACIÓN MUNICIPAL CONCELLO DE RIBEIRA

INFORME DE SECRETARÍA

De acordo co ordenado pola Alcaldía, mediante Providencia de data 9 de xullo de 2021, e en cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO. Os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos jerárquicamente dependentes mediante instrucciónas e ordes de servizo.

O Tribunal Supremo, na súa Sentenza de 18 de xuño de 2013 (rec. 668/2012), establece respecto da natureza destas instrucciónas e ordes de servizo que «constitúen resolucións administrativas que se engarzan no ámbito propio da organización administrativa que goberna a súa estrutura, cun contido e finalidade específicos en canto actos e directrices non incluíbles no exercicio da potestade regulamentaria».



En todo caso, o incumprimento das instrucións ou ordes de servizo non afecta por si só á validez dos actos ditados polos órganos administrativos, sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria en que se poida incurrir.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- O artigo 6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Os artigos 5 e 7 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- A Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Plan Básico Autonómico
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira.

TERCEIRO. Cando una disposición específica así o estableza, ou se estime conveniente por razón dos destinatarios ou dos efectos que poidan producirse, as instrucións e ordes de servizo publicaranse no boletín oficial que corresponda, sen prexuízo da súa difusión de acordo co previsto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

[De acordo co previsto no artigo 7 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, publicarán as directrices, instrucións, acordos, circulares ou respostas expostas polos particulares ou outros órganos na medida en que supoñan una interpretación do Dereito ou teñan efectos xurídicos.

Esta información, conforme ao establecido no artigo 5.4 da mesma norma, será publicada nas correspondentes sedes electrónicas ou páxinas web e dunha maneira clara, estruturada e entendible para os interesados e, preferiblemente, en formatos reutilizables. Estableceranse os mecanismos axeitados para facilitar a accesibilidade, a interoperabilidade, a calidade e a reutilización da información publicada así como a súa identificación e localización].

CUARTO. A aprobación das instrucións ou ordes de servizo axustarase ao seguinte procedemento:

A. Por Providencia de Alcaldía, solicitarase aos Servizos Municipais competentes en razón da materia a elaboración das Instrucións.

B. Elaborado e recibido o proxecto de Instrucións, aprobarase pola Alcaldía (Xunta de Goberno por delegación de aquela) previo Informe-Proposta de Secretaría.

C. A Instrucións deberá publicarse na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.ribeira.gal>] na forma prevista no artigo 5.4 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Así mesmo, a resolución pola que se aproben as Instrucións [co texto íntegro da mesma), publicarase para o seu xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido en artigo 6.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

QUINTO.- En canto á interpretación que debería facerse sobre as cuestións que prantexa o Sr. alcalde-presidente na súa providencia de data 9 de xullo de 2021, o funcionario que subscribe manifesta o seguinte:

1.-Concepto de terraza interior prevista no artigo 93 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.



O artigo 93 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, no apartado relativo á definición de “ático”, expresa que se consideraran terrazas interiores, aquelas que non rompan a liña da cuberta, polo que serán admisibles como tales aquelas terrazas que estean dentro da envolvente da cuberta e protexidas polo parapeto da vía pública, poidendo estar ubicadas en calqueira das augas da cuberta.

2.- Usos Admisibles no artigo 157 e similares do Plan Xeral de Ordenación Municipal

Os usos compatibles substitúen ó uso principal como é o caso e non son complementarios, poidendo realizarse os usos autorizados sen dependencia algunha do uso principal.

Cuestión distinta sería se os usos fosen complementarios, que neste caso serían subsidiarios do uso principal tendo unha vinculación completetaria, tal como afirma con claridade o artigo 95 do Plan Básico Autónomo

A maiores, o Anexo I, 2, e, f do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia establece literalmente o seguinte:

e) Usos complementarios: usos permitidos cuya implantación viene determinada, como demanda del uso principal y en una proporcionada relación con este, por exigencia de la normativa urbanística, sectorial o del propio planeamiento.

f) Usos compatibles: usos permitidos que el planeamiento considera que, en determinada proporción, pueden sustituir al principal sin que este pierda su carácter, es decir, que siga contando con la mayor superficie edificable.

3.-Concepto de parcela mínima.

A xuízo do quen subscribe a parcela mínima será a que figure na ordenanza do Plan Xeral sempre que existan restriccións.

Se en algunha ordenanza non se indican restriccións, se irá ó disposto no artigo 36 do Plan Básico Autónomo de Galicia:

“Artículo 36. Condiciones exigibles a las parcelas

1. Las parcelas existentes en suelo urbano y en suelo de núcleo rural no están sujetas a condiciones de superficie y frente. Podrán ser edificadas siempre que permitan una edificación ajustada al resto de las condiciones urbanísticas señaladas en la ordenanza correspondiente.

En caso de parcelamiento, el ancho no podrá ser en ningún caso inferior al frente mínimo.

Las nuevas lindes no presentarán quiebras.

2. Cando una parcela esté afectada por dos ordenanzas distintas de suelo de núcleo rural o de suelo urbano con el mismo uso principal y en alguna de ellas no se alcance la superficie correspondiente a la parcela mínima, se podrá considerar la parcela unitariamente y aplicarle justificadamente una de las dos ordenanzas, siempre que la ocupación y edificabilidad totales no superen las correspondientes a la suma de los subámbitos.”

4.-Requisitos para segregación urbanística.

A lexislación aplicable a este suposto é a Lei 19/1995 de 4 de xullo de Modernización das Explotacións Agrarias; a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia; o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016; o Real Decreto-Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana de 2015; e o Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

O Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, establece no seu artigo 26.2 que: “2. A división ou segregación dunha leira para dar lugar a dous ou máis diferentes só é posible se cada una das resultantes reúne as características esixidas pola lexislación aplicable e a ordenación territorial e urbanística... Na



autorización de escrituras de segregación ou división de leiras, os notarios esixirán, para o seu testemuño, a acreditación documental da conformidade, aprobación ou autorización administrativa a que estea suxeita, no seu caso, a división ou segregación conforme á lexislación que lle sexa aplicable. O cumprimento deste requisito será esixido polos rexistradores para practicar a correspondente inscrición”.

Así mesmo, é moi significativo o artigo 11, apartado 3 e 4, do TRLSyRU que expresamente regula un silencio negativo para os actos que autoricen “parcelamentos, segregacións ou outros actos de división de leiras en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelamento”.

O artigo 26TRLSyRU, no seu apartado terceiro, indica que o acto administrativo que lexitime a edificación dunha parcela indivisible, “por esgotamento da edificabilidade permitida nela ou por ser a superficie restante inferior á parcela mínima, comunicárase ao Rexistro da Propiedade para a súa constancia na inscrición da leira”.

A lei do solo de Galicia de 2016, clasifica o solo en solo urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico, considerando que o solo dos núcleos rurais como una clase de solo característica do territorio galego, debido en gran parte á dispersión urbanística existente. Distingue dous tipos de solo de núcleo rural, o tradicional e o común, aínda que parece que a distinción é unicamente a efectos dos criterios de delimitación do núcleo e non do réxime urbanístico aplicable.

O artigo 142.2.f da Lei do Solo de Galicia, indica que estarán suxeitas a licenza municipal, os parcelamentos, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo.

Considerátese parcelamento urbanístico, a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación, tal e como se establece na lei do solo de Galicia, engadindo o Regulamento da citada lei no artigo 366, que tamén se consideran parcelamentos urbanísticos, as divisións en varios lotes, con independencia da clase de solo no que se pretendan realizar, cando teñan por obxecto levar a cabo ou facilitar actos propios do solo urbano, polas características de devandito solo.

As divisións urbanísticas non poden dar lugar a superficies inferiores ás determinadas como mínimas polo plan.

Existe una prohibición legal expresa e tallante de dividir ou segregar una leira rústica cando dita operación dea lugar a “parcelas de extensión inferior á unidade mínima de cultivo”, sancionando dita operación ou negocio xurídico como nulo sen que poida producir efecto entre as partes nin con relación a terceiro (art. 24 LMEA).

A Lei de Modernización de Explotacións Agrarias contempla catro excepcións á regra da indivisibilidad. As excepcións son as seguintes:

- a) Segregación a favor de propietarios lindeiros sempre que todos e cada un dos lotes resultantes cumbran coa unidade mínima de cultivo. De forma simultánea á división débese proceder á agrupación coa lindeira.
- b) Cando a segregación teña por obxecto a edificación e cúmprase co plan e a lexislación urbanísticos.
- c) Cando a división é consecuencia do exercicio do dereito de acceso á propiedade establecido na lexislación especial de arrendamentos rústicos.
- d) Se a división en lotes inferiores á unidade mínima de cultivo prodúcese como consecuencia do exercicio da potestade pública de expropiación forzosa.

Non podemos esquecer que se trata dunha segregación motivada pola delimitación realizada polo plan xeral de ordenación urbana, que é una norma de carácter regulamentario, e que nas súas delimitacións non atende a límites de propiedade. Non é vontade do propietario o dividir as parcelas nesas características senón que vén imposta por unha norma superior, é necesaria para cumprir as directrices do plan.

O artigo 78 do Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, indica que tanto os notarios como rexistradores deben esixir a achega da licenza municipal ou da declaración de innecesariedade e afecta os parcelamentos en xeral. Ambas teñen por finalidade o comprobar o cumprimento da división co establecido no plan urbanístico e coa lexislación aplicable.

O artigo 150.6 da Lei Galega establece como excepción de licenza urbanística, e a procedencia da declaración de innecesariedade da mesma, cando a segregación sexa consecuencia de, entre outros supostos, de “O outorgamento polo plan de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.”

Conclusións: para segregar non é necesario que as parcelas estén dotadas dos servizos urbanísticos, o que só é esixible canto teñan que adquirir a condición de solar para poder en consecuencia edificar.



5.-Interpretación sobre as referencias do Pla Xeral de Ordenación Municipal a vós, aleros e cornisas

As referencias que fai o Plan Xeral de Ordenación Municipal sobre vós, aleros e cornisas é unicamente a elementos que voen sobre a vía pública, non no interior das propiedades e sen estar afectadas por aliñeacións.

VISTO canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde (ou Xunta de Goberno Local por delegación).

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva o seguinte

INFORME-PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar as seguintes INSTRUCCIÓNS INTERPRETATIVAS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA:

1.-Concepto de terraza interior prevista no artigo 93 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O artigo 93 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, no apartado relativo á definición de “ático”, expresa que se consideraran terrazas interiores, aquelas que non rompan a liña da cuberta, polo que serán admisibles como tales aquelas terrazas que estean dentro da envoltente da cuberta e protexidas polo parapeto da vía pública, poidendo estar ubicadas en calqueira das augas da cuberta.

2.- Usos Admisibles no artigo 157 e similares do Plan Xeral de Ordenación Municipal

Os usos compatibles substitúen ó uso principal como é o caso e non son complementarios, poidendo realizarse os usos autorizados sen dependencia algunha do uso principal.

Cuestión distinta sería se os usos fosen complementarios, que neste caso serían subsidiarios do uso principal tendo unha vinculación complementaria, tal como afirma con claridade o artigo 95 do Plan Básico Autónomo

A maiores, o Anexo I, 2, e, f do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia establece literalmente o seguinte:

e) Usos complementarios: usos permitidos cuya implantación viene determinada, como demanda del uso principal y en una proporcionada relación con este, por exigencia de la normativa urbanística, sectorial o del propio planeamiento.

f) Usos compatibles: usos permitidos que el planeamiento considera que, en determinada proporción, pueden sustituir al principal sin que este pierda su carácter, es decir, que siga contando con la mayor superficie edificable.

(...)

4.-Requisitos para segregación urbanística.

Para segregar non é necesario que as parcelas estén dotadas dos servizos urbanísticos, o que só é esixible canto teñan que adquirir a condición de solar para poder en consecuencia edificar.

(....)

SEGUNDO:-Deixar pendentes para mellor estudo os puntos nº 3 Concepto de parcela mínima e nº5 Interpretación sobre as referencias do Pla Xeral de Ordenación Municipal a vós, aleros e cornisas

TERCEIRO. Publicar as devanditas instrucións na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.ribeira.gal>].



Así mesmo, publicar o presente acordo co texto íntegro das Instrucións no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

CUARTO:-Facultar ao Sr.alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.”

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO. Aprobar as seguintes **INSTRUCCIÓNS INTERPRETATIVAS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA**:

1.-Concepto de terraza interior prevista no artigo 93 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O **artigo 93 do Plan Xeral de Ordenación Municipal**, no apartado relativo á definición de “ático”, expresa que se consideraran **terrazas interiores**, aquelas que non rompan a liña da cuberta, polo que **serán admisibles como tales aquelas terrazas que estean dentro da envolvente da cuberta e protexidas polo parapeto da vía pública, poidendo estar ubicadas en calqueira das augas da cuberta.**

2.- Usos Admisibles no artigo 157 e similares do Plan Xeral de Ordenación Municipal

Os usos compatibles substitúen ó uso principal como é o caso e non son complementarios, poidendo realizarse os usos autorizados sen dependencia algunha do uso principal.

Cuestión distinta sería se os usos fosen complementarios, que neste caso serían subsidiarios do uso principal tendo unha vinculación complementaria, tal como afirma con claridade o **artigo 95 do Plan Básico Autónomo**

A maiores, o Anexo I, 2, e, f do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia establece literalmente o seguinte:

e) Usos complementarios: usos permitidos cuya implantación viene determinada, como demanda del uso principal y **en una proporcionada relación con este**, por exigencia de la normativa urbanística, sectorial o del propio planeamiento.

f) Usos compatibles: usos permitidos que el planeamiento considera que, en determinada proporción, pueden sustituir al principal sin que este pierda su carácter, es decir, que siga contando con la mayor superficie edificable.

(...)

4.-Requisitos para segregación urbanística.

Para segregar non é necesario que as parcelas estén dotadas dos servizos urbanísticos, o que **só é esixible canto teñan que adquirir a condición de solar para poder en consecuencia edificar.**

(....)

SEGUNDO:-Deixar pendentes para mellor estudo os puntos **nº 3 Concepto de parcela mínima** e **nº5 Interpretación sobre as referencias do Pla Xeral de Ordenación Municipal a vós, aleros e cornisas**



TERCEIRO. Publicar as devanditas instrucións na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.ribeira.gal>].

Así mesmo, publicar o presente acordo co texto íntegro das Instrucións no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

CUARTO.-Facultar ao Sr.alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

9.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA -Juan José Cimadevilla Crujeiras

Visto o escrito presentado por **Juan José Cimadevilla Crujeiras**, de data 02/07/2021 (Registro de entrada nº 11.698), no que solicita certificación urbanística de non existencia de expediente de disciplina urbanística que afecte á vivenda situada en Rúa Cristóbal Colón (Ribeira).

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 13/07/2021, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á vivenda sita na Rúa Cristóbal Colón nº 42, Portal 2, 2ºD, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0514603NH0101S1077TY certificación urbanística.

10.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA -Mª Carmen Santos Sampedro

Visto o escrito presentado por **Mª Carmen Santos Sampedro**, de data 19/07/2021 (Registro de entrada nº 12.603), no que solicita certificación urbanística de non existencia de expediente de disciplina urbanística que afecte á vivenda situada en Rúa Amarella (Ribeira).

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 21/07/2021, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á vivenda sita na Rúa Amarella nº 9, 2ºC, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0814601NH0101S0039IT.

11.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA -Mª Carmen Santos Sampedro

Visto o escrito presentado por **Mª Carmen Santos Sampedro**, de data 19/07/2021 (Registro de entrada nº 12.601), no que solicita certificación urbanística de non existencia de expediente de disciplina urbanística que afecte á vivenda situada en Rúa Cristóbal Colón (Ribeira).



Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 21/07/2021, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á vivenda sita na Rúa Cristóbal Colón nº 42, Portal 2, 3ºC, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0514603NH0101S1083IO.

12.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA -Susana Domínguez Pérez

Visto o escrito presentado por **Susana Domínguez Pérez**, de data 19/07/2021 (Registro de entrada nº 12.601), no que solicita certificación urbanística de non existencia de expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación situada en Rúa da Praza (Palmeira).

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 21/07/2021, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita na Rúa da Praza nº 1, Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 3443601NH0134S0001SH.

13.- LICENZA DE SEGREGACIÓN-AGRUPACIÓN DE FINCAS NO LUGAR DE AREEIROS, S/N CASTIÑEIRAS (Nº 6/21). PETICIONARIO: JORGE CARREGAL GARCÍA

VISTA a solicitude de licenza de segregación-agrupación de fincas presentada por **D. Jorge Carregal García**, (DNI 45.909.270-M), rexistrada de entrada o día 11 de maio de 2021, (Registro de entrada nº 7.475), mediante a que insta a concesión de licenza de segregación e posterior agrupación de fincas con refª catastral nº 15074A027004060000KJ e 15074A027004050000KI, sitas no Lugar de Areeiros s/n, Castiñeiras, Ribeira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Fincas de abril de 2021 redactado por D. Joaquín Gago Fernández, (arquitecto técnico col. nº 1.967).

VISTO o informe técnico emitido polo arquitecto técnico D. Manuel Sabín Sabín en tarefas de asesoramento á corporación con sinatura dixital de día **20 de maio de 2021**, no que analiza en sentido favorable o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.favorable á concesión da licenza, por resultar conforme coa ordenación urbanística e normativa técnica que lle é de aplicación

VISTO o informe xurídico emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo con data **20 de xullo de 2021**

VISTO o informe xurídico emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **23 de xullo de 2021**



ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA.**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- CONCEDER a **D. Jorge Carregal García**, a **LICENZA DE SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN DE FINCAS (Nº 6/21)** con refª catastral nº 15074A027004060000KJ e 15074A027004050000KI, sitas no Lugar de Areeiros s/n, Castiñeiras, Ribeira, nos termos do Estudio Técnico de Segregación de Fincas de abril de 2021 redactado polo Sr. Joaquín Gago Fernández, (arquitecto técnico col. nº 1.967), resultando finalmente dous fincas de modo que:

-FINCA A con refª catastral nº 15074A027004060000KJ, que de acordo coa documentación catastral conta cunha superficie de 391,00 m², que linda Norte vía pública; Sur arenal - praia do castro; Este finca con refª catastral nº 15074A027004050000KI; Oeste finca con refª catastral nº 15074A027090100000KO.

-FINCA B con refª catastral nº 15074A027004050000KI, que de acordo ca documentación catastral conta cunha superficie de 334,00 m², que linda: Norte vía pública; Sur arenal - praia do castro; Este finca con refª catastral nº 15074A027004040000KX; Oeste finca con refª catastral nº 15074A027004060000KJ.

-Da FINCA A, segrégase unha superficie de **95,00 m²** que agrégase á **FINCA B** resultando finalmente:

FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

FINCA A con refª catastral nº 15074A027004060000KJ, que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 296,00 m², unha superficie de cesión a vial de 96,70 m² resultando unha superficie neta de 199,30 m².

-FINCA B con refª catastral nº 15074A027004050000KI, que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 429,00 m², unha superficie de cesión a vial de 71,15 m² resultando unha superficie neta de 357,85 m².

SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, e nos termos que figuren na contrato de cesión.

SEGUNDO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:



- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

14.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS MARIA MANEIRO ROMERO E JOSÉ MANUEL DIAZ MANEIRO (CORRECCIÓN ERROS)

VISTA a solicitude de **modificación de licenza de segregación** de fincas nº 8/20 presentada pola **Sra. Dna. M^a Maneiro Romero, (D.N.I 32.370.011-H) e polo Sr. D.José Manuel Díaz Maneiro Maneiro, (D.N.I 32.242.309-H)**, en escrito rexistrado de entrada o día 15 de xuño de 2021, (Rexistro de entrada nº 10.327), nos termos do Estudio Técnico de Corrección Segregación de fincas de xuño de 2021 redactado polo Sra. Rosa Ana Tubío Piñeiro, (enxeñeira agrícola col. nº 1.511).

VISTO o **informe técnico favorable** emitido polo arquitecto técnico Manuel Sabín Sabín en tarefas de asesoramento á corporación tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día 13 de xullo de 2021

VISTO o **acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 8 de outubro de 2020** nos termos do Estudio Técnico de Corrección Segregación de fincas de xuño de 2021 redactado polo Sra. Rosa Ana Tubío Piñeiro, (enxeñeira agrícola col. nº 1.511).

VISTO o **informe emitido polo Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo con data 19 de xullo de 2021

VISTO o **informe emitido polo Secretario Xeral da Corporación** con data 21 de xullo de 2021

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A.ORDINARIA**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de modificación licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que procede adoptar o seguinte acordo:

PRIMEIRO:- CONCEDER á Sra. Dna. M^a Maneiro Romero, e ao Sr. D.José Manuel Díaz Maneiro a **MODIFICACIÓN DA LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 8/20)** con ref^a



catastral nº 3938602MH9133N0001JJ, sita no lugar de Atalaia, Corrubedo, Ribeira, nos termos do Estudio Técnico de Corrección Segregación de fincas de **xuño de 2021** redactado pola Sra. Rosa Ana Tubío Piñeiro, (enxeñeira agrícola col. nº 1.511), sen que varien as condicións urbanísticas según acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de outubro de 2020.

SEGUNDO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

15.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. ENEKO URTIAGA MARTÍNEZ, POLAS LESIÓNS SUFRIDAS COMO CONSECUENCIA DUNHA CAÍDA NA ZONA PEONIL DO PORTO DE PALMEIRA. EXPEDIENTE 2020 RESP000016.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. ENEKO URTIAGA MARTÍNEZ** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 02 de agosto de 2019, D. Eneko Urtiaga Martínez, con DNI número 72.726.353-P, ía camiñando pola zona peonil do Porto de Palmeira, cando sufriu unha caída ao pisar e afundirse a tapa de rexistro dun sumidoiro oxidada e en mal estado, o que fixo que introducira a súa perna dereita no burato producido uns 30-40 centímetros.

Segundo.- Como consecuencia deste accidente, o Sr. Urtiaga Martínez sufriu diversas feridas, polo que tivo que ser inicialmente atendido no Servizo de Urgencias do Hospital da Barbanza, para proseguir o seu tratamento curativo no centro de saúde dependente do Sergas, e posteriormente no médico de atención primaria de Vitoria-Gasteiz, por se-la súa cidade de residencia.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 06/10/2020, D. Eneko Urtiaga Martínez promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas pola mencionada caída, solicitando unha indemnización total de 14.488,89 euros, mais os xuros que legalmente lle correspondan, que desglosa da seguinte maneira:

- 1.520,40 euros por dano persoal particular moderado – 28 días- a razón de 54,30 euros/día.
- 1.785,24 euros por dano persoal básico – 57 días – a razón de 31,32 euros/día.
- 2.583,25 euros por dano estético lixeiro: secuela polas cicatrices en perna dereita de 5 cm. e 3 cm. hiperocrómicas (3 puntos).
- 600 euros por intervención cirúrxica Grado I: extracción cirúrxica con anestesia local de corpos estraños e sutura de feridas.
- 8000 euros por danos morais.

Co escrito de presentación da súa reclamación achega a seguinte documentación: calendario laboral de 2019 do reclamante; licenza de pesca submarina; informe da Policía Local de Ribeira; reportaxe fotográfico do lugar no que se produciu a caída; fotografías do sumidoiro pechado, selado e sinalizado tras a intervención da Policía local; fotografía do



estado do sumidoiro despois da súa reparación; informe do Servizo de Urgencias do Hospital da Barbanza; informes do Servizo Galego de Saúde sobre a evolución das feridas, curas e retirada dos puntos de sutura; informe do médico de atención primaria de Osakidetza-Servizo Vasco de Saúde sobre o tratamento e evolución das feridas; informe do médico de atención primaria de Osakidetza sobre as consultas médicas para consolidar a evolución das lesións; reportaxe fotográfica acreditativa das feridas e cicatrices sufridas polo reclamante; informe do perito médico Dr. D. Francisco M. López de Lacalle especialista en valoración do dano corporal; e DNI do Sr. Urtiaga Martínez.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informes emitidos nas datas 02/08/2019 e 21/04/2021 pola Policía Local; informe emitido por Viaqua na data 26/03/2021; e informe emitido na data 28/05/2021 pola enxeñeira municipal.

Non achega o seu informe a entidade Portos de Galicia a pesar de terse solicitado mediante oficio de data 23/03/2021.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións por parte do Sr. Urtiaga Martínez realizadas mediante escrito rexistrado de entrada na data 28/06/2021 co número 11.254, e no que solicita que se dite resolución na que se declare a responsabilidade patrimonial do Concello e se indemnice ó reclamante nos termos solicitados. E para o caso de que o Concello non fora o responsable da conservación e mantemento do lugar no que se produciu a caída, ou do mantemento do sumidoiro, ou titular da vía na que se atopaba o sumidoiro, sexa remitido o expediente ó organismo público Portos de Galicia que conforme á Lei 6/2017, do 12 de decembro de Portos de Galicia é o ente público encargado da xestión de todos os portos, infraestruturas e instalacións portuarias situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.



De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimado o Sr. Eneko Urriaga Martínez para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente** ocorrido na data 02/08/2019 na zona peonil do Porto de Palmeira, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación.

Polo que se refire ao fondo material da cuestión que suscita a reclamación presentada polo Sr. Urriaga Martínez, cómpre ter en conta que **o dano físico ten que ser aceptado como certo á vista dos informe clínicos obrantes no expediente e dos demais documentos que refiren as lesións sufridas polo paciente e o seu alcance.**

Enténdese, sen embargo, e ó amparo dos informes obrantes no expediente, que a lexitimación pasiva non corresponde ó Concello de Ribeira, por non ser o titular do lugar no que ocorreu o accidente, e, polo tanto, non ser a Administración responsable da vixilancia e conservación do mesmo.



Así, a entidade VIAQUA dispón no seu informe emitido na data 26/03/2021 o seguinte: "(...) 2) Na zona indicada na comunicación do Concello non existe rede municipal de saneamento nin de abastecemento, polo que Viaqua non xestiona ningunha instalación nese punto. 3) Este servizo non pode determinar o estado no que se atopaba a tapa orixe do sinistro nese momento xa que non tivemos coñecemento dos feitos ata o de agora. 4) Este servizo non pode determinar as causas do sinistro. Co obxecto de contestar este requirimento fíxose unha inspección da zona indicada, **detectando a existencia de dúas tapas de rexistro correspondente ó cableado eléctrico do alumeado do porto**. Unha delas parece substituída recentemente, pero non podemos asegurar que esta fora a que orixinou o sinistro e que estivera en mal estado. 5) Como xa indicamos, **as arquetas existentes na zona son do cableado eléctrico do alumeado do porto**, e este servizo non pode concluír se cando se produciu o sinistro a arqueta estaba sinalizada. 6) **Viaqua non fixo ningunha actuación xa que non tivo coñecemento dos feitos acaecidos e non xestiona ningunha instalación na zona indicada.**"

Por outra banda, a Policía Local no seu informe emitido na data 21/04/2021 afirma que a administración titular responsable da instalación na que tivo lugar o accidente é Portos de Galicia.

Así mesmo, a enxeñeira municipal en informe emitido na data 28/05/2021 dispón que: "*En relación al expediente de referencia se afirma que **la zona indicada como lugar de la caída no es de titularidad del Ayuntamiento de Ribeira, ya que está dentro de la zona portuaria del puerto de la parroquia de Palmeira, por lo que su titularidad, así como el mantenimiento y conservación de la zona corresponde a Portos de Galicia.***"

Non cumpríndose todas as cuestións formais e os presupostos xurídicos esenciais da responsabilidade patrimonial, ao fallar a lexitimación pasiva do Concello de Ribeira, non procede entrar nas cuestións de fondo que suscita o expediente, como é a concorrência ou non dunha relación de causalidade entre os danos acreditados e o funcionamento do servizo público.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 23/07/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Eneko Urriaga Martínez polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

SEGUNDO.- Remitir ás actuacións ó organismo público Portos de Galicia e notificar esta circunstancia ós interesados, de conformidade co disposto no artigo 14.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

16.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. ANTONIO A. HERNÁNDEZ DEL ROSAL, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D. JOSÉ ÁNGEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, POLOS DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 7702 GSJ OCASIONADOS AO BATER CONTRA O MESMO UN SINAL DE TRÁFICO. EXPEDIENTE 2021 RESP000001.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. Antonio A. Hernández del Rosal, en nome e representación de D. José Ángel Rodríguez Álvarez** co obxecto de



determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 01 de outubro de 2018, D. José Ángel Rodríguez Álvarez tiña estacionado o vehículo da súa propiedade, marca Volkswagen, modelo Golf, con placas de matrícula 7702GSJ, na Rúa Rafael Dieste, cando se decatou de que un sinal de tráfico que estaba colocada no chan caera enriba do automóbil causándolle diversos danos.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 04/10/2019 co número 13.917 (con selo de entrada na oficina de correos de data 01/10/2019), D. Antonio Alberto Hernández del Rosal, en nome e representación de D. José Ángel Rodríguez Álvarez, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 476,24 euros.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: escrito de autorización de representación asinado polo Sr. Rodríguez Álvarez a favor do Sr. Hernández del Rosal; escrito de non ter recibido indemnización algunha por estes feitos asinada polo Sr. Rodríguez Álvarez; copia simple do permiso de circulación do vehículo; copia simple da ficha técnica e da tarxeta de inspección técnica do vehículo; copia do atestado realizado pola Policía Local do Concello de Ribeira; e copia simple do informe pericial.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade xuntáronse a el: informe emitido na data 01/10/2018 pola Policía local e certificación da titularidade do vehículo emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico na data 17/02/2021.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte dos interesados no expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 19/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados



ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo a certificación emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico, D. José Ángel Rodríguez Álvarez é titular, á data do sinistro, do vehículo matrícula 7702GSJ**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

Actúa representado por D. Antonio Alberto Hernández del Rosal, que acredita debidamente a súa representación mediante escrito de autorización asinado polo representado e que achega coa súa reclamación.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, xa que a regulación do tráfico na zona na que se produciu o sinistro, incluída a colocación dos



sinais, son competencia do Concello. Polo que a esta Administración lle corresponde a conservación dos sinais da súa propiedade e a substitución dos que se atopen deteriorados e non cumpran o seu obxecto, segundo dispoñen os artigos 57 e 58 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Viaria.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende do informe pericial que o reclamante achega coa súa reclamación, e como consta no informe emitido pola Policía local do Concello de Ribeira, que dispón: *“Personados en el lugar, pudimos observar como el vehículo marca Volkswagen, modelo Golf Plus, matrícula 7702GSJ, estaba estacionado en la zona de C/Rafael Dieste, tenía daños provocados por una señal móvil.”.*

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario.

Pois ben, no que ao presente suposto se refire, **consta acreditada a relación causal dos danos no vehículo co deficiente funcionamento do servizo público viario.** Así, a estes efectos, a Policía Local no informe emitido na data do sinistro dispón que: *“(…) Personados en el lugar, pudimos observar como el vehículo marca Volkswagen, modelo Golf, matrícula 7702GSJ, estaba estacionado en la zona de C/Rafael Dieste, tenía daños provocados por una señal móvil. Esta señal estaba colocada en el suelo sin anclar, debido al viento cayó contra dicho vehículo. (...)”.*

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Volkswagen Golf, matrícula 7702GSJ, propiedade de D. José Ángel Rodríguez Álvarez.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 21/07/2021, e visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 22/07/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Antonio Alberto Hernández del Rosal, en nome e representación de D. José Ángel Rodríguez Álvarez, na contía de 476,24 euros.

O abono da referida contía farase da seguinte forma: o Concello de Ribeira abonará 150 euros, que é a contía da franquicia existente na póliza subscrita coa entidade Mapfre Seguros de Empresas, mentres que a entidade aseguradora aboará a contía restante, isto é 326,24 euros.

17.- VAO PERMANENTE -María del Carmen González Sarasquete

Visto o escrito presentado por **María del Carmen González Sarasquete**, de data 22/07/2021 (Rexistro de entrada nº 12.855), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible situado na Rúa Cordieiro, nº 23 –Local 2- (Ribeira).



A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 23/07/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **María del Carmen González Sarasquete** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.) na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Cordieiro, nº 23 –Local 2- (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

18.- VAO PERMANENTE -Comunidade de Propietarios Avda. da CORUÑA, 16

Visto o escrito presentado por Asesolría Beny García en representación de **Comunidade de Propietarios Avda. da Coruña, 16**, de data 07/07/2021 (Rexistro de entrada nº 12.045), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe (entrada polo Paseo das Carolinas) do inmovible situado na Avenida da Coruña, nº 16 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 21/07/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **Comunidade de Propietarios Avda. da Coruña, 16** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (4,00 m.), na entrada ao garaxe (entrada polo Paseo das Carolinas) do inmovible situado na Avenida da Coruña, nº 16 (Ribeira, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

19.- VAO PERMANENTE -Beatriz Fernández Pernas

Visto o escrito presentado por **Beatriz Fernández Pernas**, de data 20/07/2021 (Rexistro de entrada nº 12.717), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Porto, nº 52 (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 21/07/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **Beatriz Fernández Pernas** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), con reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Porto, nº 52 (Corrubedo), según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



20.- REPINTADO LIÑA AMARELA ENTRADA VAO PERMANENTE – María Jesús Pérez Regueira

Visto o escrito presentado por **María Jesús Pérez Regueira**, de data 07/07/2021 (Rexistro de entrada nº 12.022), no que solicita o repintado de liña amarela diante do vao permanente situado na Rúa Xosé Ramón Barreiro, nº 5 (Ribeira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 21/07/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar o repintado de liña amarela diante do vao permanente situado na Rúa Xosé Ramón Barreiro, nº 5 (Ribeira).

21.- RESERVA DE PRAZA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA –José Vilar Pérez

Visto o escrito presentado por **José Vilar Pérez**, de data 17/07/2021 (Rexistro de entrada nº 10.603), no que solicita unha reserva de praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Rúa Porto Novo, nº 10 (Castiñeiras).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 21/07/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar unha reserva de praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Rúa Porto Novo, nº 10 (Castiñeiras), coa correspondente sinalización vertical e horizontal, según o sinalado no citado informe policial.

22.- RESERVA DE PRAZAS DE ESTACIONAMENTO PARA CARGA/DESCARGA –Triñanes Pego, S.L.

Visto o escrito presentado por **Triñanes Pego, S.L.**, de data 07/07/2021 (Rexistro de entrada nº 12.048), no que solicita reserva de prazas de estacionamento para carga/descarga nas inmediacións do establecemento situado na Rúa Carlos Casares, nº 10 (Ribeira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 23/07/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a habilitación dunha zona express nas inmediacións do establecemento situado na Rúa Carlos Casares, nº 10 (Ribeira), coa correspondente sinalización vertical e horizontal, según o sinalado no citado informe policial.

23.- REGULACIÓN TRÁFICO MEDIANTE INSTALACIÓN DE SINAL DE DIRECCION ÚNICA - Ángel Coya Zapata

Visto o escrito presentado por **Ángel Coya Zapata**, de data 19/07/2021 (Rexistro de entrada nº 12.604), no que solicita regulación tráfico mediante instalación de sinal de dirección



única en Deán Pequeno, á altura do nº 54 A (Ribeira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 23/07/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a regularización do tráfico nun so sentido de circulación, mediante a colocación de sinal vertical de entrada prohibida (R-101) xusto na entrada ao lavadoiro público, e colocar a sinal no outro extremo da vía, según o sinalado no citado informe policial.

24.- SOLICITUDE INSTALACION ESPELLO DE TRÁFICO -Catalina Queiro Maneiro

Visto o escrito presentado por **Catalina Queiro Maneiro**, de data 29/06/2021 (Rexistro de entrada nº 11.446), no que solicita a instalación dun espello de tráfico na intersección das Rúas Praza do Concello con Alcalde Fernández Bermúdez (Ribeira).

Visto o informe desfavorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 23/07/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda informar á solicitante** que realizada la inspección ocular pola policía local indicar que a intersección que nos ocupa **esta regulada por unha sinal de Stop (R-2)**, detención obrigatoria, que obriga a todos os condutores a deter o seu vehículo inmediatamente antes da intersección, e ceder o paso aos vehículos que circulen pola vía á que se aproxime; polo tanto, non existe a necesidade da instalación do espello vial solicitado por Catalina Queiro Maneiro, según o sinalado no citado informe policial.

25.- SOLICITUDE SINALIZACIÓN DE RÚA PARA ESTACIONAMENTO -Juan Manuel Gago Santiago

Visto o escrito presentado por **Juan Manuel Gago Santiago**, de data 14/07/2021 (Rexistro de entrada nº 12.408), no que solicita a sinalización de prohibido aparcar ou a peatonalización de parte da Rúa Miñoteiro (Palmeira), debido ás dificultades de entrada/saída de vehículos ás vivendas polos estacionamentos indebidos.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 23/07/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que, para solucionar os problemas que sofre o petionario aos estacionar os vehículos diante do seu garaxe, **deberá solicitar a correspondente licenza municipal de vao permanente**.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

